



**Amigos
da Terra**

CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS

Amigos da Terra

www.amigosdaterra.net / www.ascorcerizas.com

e-mail: info@ascorcerizas.com

Curso práctico de CONSTRUCCIÓN CON SACOS DE TERRA

A bioconstrución é un fenómeno imparabile e unha opción pola que cada vez se decantan máis persoas ao coñecer que é posible construír a túa propia casa sen ser albanel ou arquitecto/a, cuns estándares de calidade moi elevados e a un prezo razoable. A terra é un material natural de extraordinaria abundancia, e como tal ten cualidades que non posúen os materiais industrializados, polo que se está producindo o seu rexurdimento como material de construción.

Trátase dun curso intensivo de formación específica que ten como obxectivo o de capacitar para a construción de vivendas con sacos de terra. Mediante a aplicación das técnicas tradicionais deste sistema construtivo coas melloras tecnolóxicas das que dispomos na actualidade, levaremos a cabo a construción dun domo, dende a cimentación ata o acabado e protección. O sistema basease na consecución de fiadas de sacos recheos con terra estabilizada e compactada, estruturas autoresistentes baseadas no principio de arco, illantes térmica e acusticamente, o que reduce o consumo enerxético da vivenda, ademáis de ser un material hidrófugo e ignífugo.

O realmente novidoso do sistema é que aprendese moi rápido e que é único en todo o proceso: **a casa é de abaixo a arriba de terra e cal.**

Obxectivos trasversais:

- A reciclaxe de profesionais do sector da construción así como a promoción da autoconstrución
- Promover en Galicia a recuperación da terra e a cal como o máis natural e abundante material de construción.
- A optimización de recursos e materiais, con diminución da xeración de residuos e emisións ao medio.
- A redución do consumo enerxético da vivenda, así como impulso do uso de enerxías renovables.
- A mellora da calidade de vida e saúde humana.
- A redución de custes de execución e mantemento.

PROGRAMA

MÓDULO TEÓRICO

- Introducción e méritos da construción con sacos de terra
- A terra como material de construción, composición e ensaios
- Introducción ao uso da cal
- Principio do arco; análise xeométrico e funcionamento estrutural
- Análise do proceso construtivo
- Deseño do domo
- Ferramentas e materiais
- Actuacións previas
- Cimentacións, estrutura e cuberta
- Técnicas e trucos do sistema
- Apertura de ocos de paso, iluminación e ventilación



Amigos
da Terra

CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS

Amigos da Terra

www.amigosdaterra.net / www.ascorcerizas.com

e-mail: info@ascorcerizas.com

- Instalacións e dotación enerxética
- Acabados e protección do domo

MÓDULO PRÁCTICO

- Construción dun domo
- O arco
- Análise da terra e preparación de morteiros
- Replanteo dun domo sobre o terreo
- Análise do sistema constructivo
- Proceso de execución completo
- Apertura de ocós
- Remates e acabados

IMPARTE O CURSO

Antonio Prados Beiras. Traballador Social e bioconstrutor. Certificado en Superadobe en Cal Earth Institute - California-. Ten 15 anos de experiencia como promotor e constructor, dos cales os últimos 4 adicou en exclusiva á construción natural. Trae a técnica a España e difunde desde 2009 impartindo conferencias, obradoiros e cursos por varios países. Fundador de *Tienes tierra tienes casa* no 2010, ano desde que leva formado a multitude de persoas e profesionais na construción con terra.

Angel Cereceda. Arquitecto e permacultor certificado en Panya Project - Tailandia-. Compañeiro de Antonio Prados nas formacións e membro de *Tienes tierra tienes casa*.

DESTINATARIAS-OS DO CURSO

O curso está dirixido a autoconstrutores/as, estudantes e profesionais da construción e bioconstrución, arquitectura, urbanismo, enxeñería, xestión do territorio, etc. Especialmente pensado para albaneis, aparelladores/as, arquitectos/as como persoas sen cualificación que queren autoconstruir a súa casa ecolóxica e que ademais non contan cos recursos económicos que requeriría outro tipo de construción convencional.

DATOS DE INTERESE DO CURSO

DURACIÓN:

40h presenciais

DATAS:

Mércores a domingo, 17 a 21 de xullo de 2013

HORARIO:

Todolos días de 10.00h. a 14.00h. e 16.00h. a 20.00h.

MÁIS INFORMACIÓN

www.ascorcerizas.com info@ascorcerizas.com



**Amigos
da Terra**

**CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
AS CORCERIZAS**

Amigos da Terra

www.amigosdaterra.net / www.ascorcerizas.com

e-mail: info@ascorcerizas.com